

BACHIBAC

BACHIBAC - CURSO 2014/2015

*A partir de setembro 2014, o **IES Plurilingüe Xosé Neira Vilas**, único centro Plurilingüe en francés en Galicia, será tamén o primeiro centro de toda a Comunidade en ofertar o programa binacional Bachibac.*

O Bachibac é unha dobre certificación de fin de estudos secundarios. Permite obter ao mesmo tempo o baccalauréat francés e o bacharelato español.

Na actualidade son 48 centros españois que teñen implantado o Bachibac.

De conformidade co acordo franco-español de maio de 2005 e a decisión de establecer un currículo mixto integrado de materias que pertencen aos sistemas educativos español e francés e conduza aos seus respectivos títulos, os ministros de Educación francés e español asinaron, o 10 de xaneiro de 2008, un acordo sobre a obtención do Baccalauréat francés e o Bacharelato español.

Este título só se prepara nos centros con sección binacional francés/español Bachibac.

O alumnado que obtén os dous diplomas ten acceso ao ensino superior, en España e tamén en Francia.

En España, o acordo da dobre titulación Bachibac, permite aos alumnos do sistema educativo español beneficiarse dunha ensinanza que inclúe elementos do sistema francés.

Deste xeito, no IESP Neira Vilas, a partir do vindeiro curso, impartirase un terzo das clases en lingua francesa: Lingua e Literatura francesas, Historia de España e Francia e Coñecemento do Mundo Contemporáneo.

Para optar a cursar o Bachibac, o alumnado ten que:

- Ter cursado unha sección bilingüe ou nun centro plurilingüe en francés durante a etapa de secundaria,

Ou

- acreditar ter adquirido como mínimo o nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL),

Ou

- Realizar unha proba de nivel de lingua francesa.

Ou

- Haber cursado algúns estudos no sistema educativo francés.

Para a obtención do título Baccalauréat francés outorgado polo Ministerio de Educación Nacional Francés é necesario superar unha proba externa.